



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SOBRADO

Corrección de erro de ordenanza municipal da concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento da poboación

ANUNCIO.-

Corrección de erro de ordenanza municipal da concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento da poboación.

Vista a ordenanza municipal reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento da poboación no Concello de Sobrado, aprobada polo concello pleno en sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2021 e publicada no BOP nº 78 de 28 de abril de 2021, apréciase un erro material na Disposición final.

Faise constar que, **onde di:** "DISPOSICIÓN FINAL. Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

Debe dicir: "DISPOSICIÓN FINAL. Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

Sobrado, a 28 de abril de 2021

O alcalde

Luis Lisardo Santos Ares

2021/3590